



O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 5 CINTA 7



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0007_005_en_0_39_07_id647_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0007_005_en_0_39_07_id647.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o quinto corte dos que se divide a sétima das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala dos traballos das mulleres no mundo do mar; tanto os específicos, como os de redeiras, atadeiras e mariscadoras, como os que realizaban xunto aos mariñeiros, por exemplo, na arte de pesca do bou.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcricións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 7 de agosto de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
Lugar/ aldea/ barrio: O Carmen
Parroquia: O Carmen
Concello: Moaña
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

PALABRAS CHAVE

mar, traballo da muller, aparello, atadeira, redeira, mariscadora, rede, peirao, arte de pesca, bou, venda de peixe, feira, pescantina, patela, Domaio, raba

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRIPCIÓN DO CORTE Nº 5 DA CINTA 7



P: ¿Qué función tiña a muller no mar?. ¿A muller soamente se relegaban ó traballo de atadeiras ou redeiras?

R: Non, non.

P: ¿Ou tiña máis funcións ?

R: Tiña máis funcións que atadeiras.

P: Cando se traían...

R: Agora que cando hai a recollida de marisco as mulleres van a praia e marisquean coma homes.

P: Ou máis.

R: En terra.

P: En terra, si.

R: En embarcacións non.

P: A campaña de marisqueo practicamente as mulleres... claro porque os homes están no mar ou estan cansados entón a muller...

R: Pero bueno era terrestre, así é terrestre.

P: Si marisqueo a pé. O que é o marisqueo a pé.

R: Marisqueo a pé. Despois viñeron estes a mariscar con rastrillos.

P: Si.

R: E quitáronlle valor as mulleres.

P: Que máis facían ó mellor as mulleres. Cando traían as pezas de aparellos pa montalas, eran elas as que se dedicaban. As atadeiras e redeiras eran todas mulleres practicamente.

R: As redeiras tiñan que facer era arreglar os aparellos a encadrar os aparellos que para iso viñan rotos, arregalos e había que darlle o aparello seco, nas chabolas, e as veces no tendal mentras estaba o aparello secando.

P: Si.

R: Iban traballando.

P: ¿Miraban onde estaban os buracos?

R: Si.

P: ¿E iban cosendo, non?

R: Iban cosendo.

P: ¿E cando compraban as pezas para montar o aparello montábanas elas tamén?

R: Todo elas.

P: ¿Os corchos e as plomadas tamén as montaban elas?

R: Todo facían elas.

P: Todo. O patrón e o armador lle decía como quería...

R: Si quería máis corcho ou máis plomo decíanlle a elas “mira, metérle máis plomo ou máis corcho”. Eso era cousa deles. Porque os mesmos armadores cada un... ponlle ó aparello a como mellor pescar. Se pode meterlle unha máis alto, e mais alto é dicir, se ten vinte brazas, meterlle dúas ou tres brazas máis.

P: Si según po que fora.

R: Para que collera marisco ou pa que collera máis... o traballo personal ¿E sabes canto ganaba? Seis reales.

P: Seis reales que comparado cun mariñeiro ¿Que é? ¿Era pouco, moito?

R: Non era nada.

P: Non era nada.

R: De sol a sol.

P: ¡Aij cerrabase o día. De sol a sol.

R: De sol a sol. Porque de esa quedaban cos aparellos en terra porque as embarcacións tiñan dous aparellos polo menos, e cando viña unha rotura cambiaban de aparello, e deixaban o roto en terra, e as mulleres pois reparaban mentras (?) tiñan un remo ¿Non?



P: Sí

R: E pescan co outro.

P: E cando... cando amarraban unha rotura, cando solucionaban unha rotura, elas sentábanse e estaban descalzas apoiában o aparello no dedo gordo dos pés ¿E tiraban por él, non?

R: Metíano debaixo do cú. O outro lado tíñanno aquí debaixo do cú.

P: Pa que estivera tenso ¿Non?

R: Si porque para... tenso para reparar...

P: As mallas. E despois cunha agulla de madeira que tiña o fío ó redor, iba cosendo ¿E tiña varias formas de atar o usaban sempre a mesma?

R: Usaban a mesma porque as voltas son todas iguais.

P: As voltas son todas iguais ¿Non?

R: Si. Usaban unhas tixeiras.

P: Si.

R: Tixeiras para ir cortando as mallas que estaban rotas.

P: Si

R: E cortar o que facían tamén. Preparar todo o muelle¹ a luz do día senón non podían traballar.

P: As veces tiñan uns panos na cabeza o uns sombreiros polo calor que facía ¿Non?

R: Chupaban o sol e calor tamén.

P: ¿Chupaban moito non? E axudaban tamén nos oficios baixos, as veces nas chalanas iban de noite todo cos homes.

R: Cos seus homes.

P: Cos seus homes, si.

R: Por iso levaban. Hasta iban o mar ó bou ¿E?

P: Si ó bou. Iso xa era familiar, digamos ¿Non?

R: Era familiar.

P: E facía a mesma función que o home

R: Igual que o home, igual.

P: A vogar, achicar auga, a subir o.. bou.

R: Todo, todo, todo.

P: Desmallar o peixe ¿Facían todo igual?

R: Todo

P: E despois ó mellor en terra se dedicaban a limpiar os botes, a limpiar as chalanas tamén.

R: Os deles.

P: Si.

R: Pero ó chegar a terra a muller collía o peixe capturado e íbano a vender.

P: Ibano a vender.

R: Iba polas casas a ofrecer o peixe que traía.

P: Porque non había plaza, claro.

R: Non había plaza.

P: Iba as casas e os días de feira iba a feira ¿Non? A vendelo.

R: E cando había feira, o día de feira era un día sinalado ¿Non? O día de feira pero peixe que viña así de volante e todo de bou e (?) como era traballo deles, iban polas casas si querían unha solla, unha nécora e todo eso. E collíanlle.

P: E dedicábanse a vender así ¿E que máis funcións facían así no mar as mulleres?

R: Facían funcións tamén así similar... era na arte.

P: Na arte.

R: Na arte cando... Esas xentes sabes que traballaban en terra.

P: Si.

R: Cando lle facían o reparto do peixe, había unhas que... chamabanlle pescantinas compraban por cento ós mariñeiros que traballaban alí ¿Ti sabías, non?

P: Si.

¹ Acostumaban a deixar os aparellos rotos enriba do peirao para reparar.

R: E xuntaban si acaso, quinientos e seiscentos, e poñíannos nunha patela iban por Meira, Meira de Arriba e chegaban hasta Domaio. E algunhas non tiñan cartos e dábanlle pan, unha bola de pan.

P: Sí, pagábanlle en especies.

R: En especies, [sí, en espigas, cebolas... e metíanlle ó lombo (?)]

P: Iban cargadas pa lá e máis pa cá despois a volta. E tamén axudaban a armar os palangres as veces cando era a época do bonito.

R: Non.

P: Non.

R: Non porque xa había homes especiais que...

P: Que os armaban. Había homes que se dedicaban a armar os palangres ¿Non?

R: Mesmo os da tripulación.

P: A tripulación, si. As mulleres aí participaban pouco.

R: As mulleres aí usaban para levar os palangres a bordo do barco porque eses... Os palangres preparábanos nas chabolas, preparábanos nas chabolas.

P: Sí.

R: E nas chabolas viñan as chabolas que despois iban a levarllo ó muelle ós dueños ¿non?

P: Nas chabolas tamén picaban a raba.

R: A raba, claro.

P: ¿E quen se encargaban as mulleres tamén cos machetes?

R: Cos machetes.

P: Era un traballo que facían as mulleres ¿Non?

R: E pagábaselle ben.

P: ¿Sí?

R: E pagábaselle ben.

P: Porque a raba viñan as huevas enteiras aplastadas.

R: Aplastados. (?) Despois co machete coma esta mesa batían hasta que se facía... esmagaba todo.

P: ¿Despois esa raba mezclábase co salvado ou mezclábase no mar ?

R: A raba usábase sola

P: Sola ¿Non se... ?

R: O salvado usábase para cegar², porque o salvado hai que botarlle na malla, a tapa de arriba tápalle e faílle sombra porque moitas veces o peixes está comendo e está mirando pa ti que lle estás tirando raba.

P. Sí, si.

R: Estiras o brazo pa riba e fas así co brazo.

P: E mirase a sombra.

R: E mirache a sombra.

P: E así funcións máis... das mulleres co mar.

R: Daquela as funcións das mulleres co mar era [terrible, terrible]. O que agora hai en terra... fai moitos anos que a función da muller do mar pois desapareceu ¿Non?

P: Está moi ligada o que era o mar.

R: ! Que sei euj.

P: Aparte das faenas da casa.

R: !Era, home e unha mullere... tiñan nunha embarcación propia deles desas embarcacións pequenas, pois traballaba o home e a muller e os fillos se eran un pouquiño tal, e saían a hora que querían, e pescaba o que viña. Despois cando veu isto das traineras xa veu un grupo e viña a nome de armadores e iso. Entón xa contratas a mulleres, contratábana para traballar un día, ou dous ou tres hasta arreglar as redes.

P: Que era mais ben para traballos de terra ¿non? Despois os peixes que... [córtase]

² Facer una capa na superficie da auga para que non mire o peixe e escape.